



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/49	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de outubro de 2017
Duración	Desde as 20:01 ata as 20:47 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 23 de outubro de 2017

Favorable	Tipo de votación: Nominal A favor: 5, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0	
	A favor	LOURDES RIAL PARDO MARIANO ABALO COSTA SUSO PEREZ GALLEGO XOSE MANUEL PAZOS VARELA XOÁN CHILLÓN IGLESIAS
	En contra	---
	Abstencións	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS TANIA CASTRO PAREDES TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ
	Ausentes	---

A Xunta de Goberno Local acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 23 de outubro de 2017.

Expediente 6692/2017. Solicitud de sinalización

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Vista a solicitude de J. M. F. G., a Xunta de Goberno Local acorda acceder á demanda de sinalización realizada, polo que polo departamento de sinalización municipal se procederá a colocar tres bordos brancos e vermellos para evitar que se estacione e facilitar a incorporación dos vehículos á vía principal.

Expediente 5395/2017. Licenza urbanística

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

EXPEDIENTE Nº 5395/2017.- A. D. F., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Piñeiro, nº 34-Moaña, para en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para construción de 92,18 m²., de almacén en parcela e 32,90 m²., de muro de contención de cerramento de parcela nas parcelas sitas no lugar de Castelo, segundo o proxecto de execución elaborado pola arquitecta Griselda Hernández Nores, visado o 03.08.2017. Condicionado a que debe cumprir co sinalado

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo. O presuposto de execución material ascende a vinte e tres mil trescentos corenta euros con quince céntimos (23.340,15 €).

Acéptase a cesión para ampliación de vieiro municipal formalizada en data 26.09.2017 perante a notaria Ana Teresa Canoa Pérez, nº do seu protocolo 803, por unha superficie de 40,41 m²., e fianza depositada para respostar das obras de urbanización por importe de setecentos cincuenta e seis euros con corenta e dous céntimos (756,42 €) na entidade bancaria Abanca en data 27.09.2017.

Expediente 6676/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 20.813.- LICENZA OBRAS 20.410.- (6.676/17).- Outorgar licenza de primeira ocupación a C. V. F., con enderezo en rúa Santoña, nº 1-baixo-Balea-Darbo, para unha vivenda unifamiliar no lugar de Areamilla, s/n-Balea-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal nº 20.410, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal con data 25 de outubro de 2017.

Expediente 3781/2017. Corrección de erros en licenza de parcelación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

De conformidade co previsto no art. 172 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais formulo a seguinte proposta de resolución á Xunta de Goberno Local para corrección de erros na redación do acordo da licenza de parcelación outorgada en sesión do 02.10.2017 no seguinte:

EXPEDIENTE 3781/2017 .- Detectado un erro na redación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local realizada en data 02.10.2017, relativo ao expediente de referencia, no que se concede licenza de parcelación, nos puntos segundo e terceiro, faise mención ao seguinte:

SEGUNDO.- '....As superficies de cesión resultan da escritura de data 22.07.2010, número 817 de protocolo da notaria de Cangas, Ana Teresa Canosa Pérez, ao abeiro da licenza nº 22.331 de 2010.

TERCEIRO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao concello por unha superficie de 102,03 m². De non aportar dita escritura de cesión no prazo de un mes, desde o acordo da Xunta de Goberno Local, a licenza quedará sen efecto.



Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse rectificar o acordo no punto terceiro, que debe eliminarse xa que a escritura de cesión foi aportada en data 22.07.2010, número 817 de protocolo da notaría de Cangas, Ana Teresa Canosa Pérez, ao abeiro da licenza nº 22.331 de 2010 e polo tanto a condición imposta xa estaba cumprida no momento en que se adoptou o acordo.

Polo exposto, o acordo quedaría redactado do seguinte xeito:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a parcelación autorizada no expediente nº 40/2017, visto o escrito de data 14 de xullo de 2017 presentado pola interesada e visto que a eficacia do acordo adoptado nese expediente quedaba condicionada á formalización da cesión para ampliación do vieiro municipal no prazo de un mes, a contar desde o 27 de febreiro de 2017, e que a mesma non se materializou.

SEGUNDO.- Conceder licenza de parcelación a G. G. F., con enderezo en Camiño Vello de Rodeira, nº 20-Coiro, consistente na agrupación de dúas parcelas, autorizada por acordo de Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2010 (licenza nº 22.331); parcelas netas 2 e 3, para a súa posterior segregación en dúas parcelas resultantes, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto Manuel Pena Rodríguez, de xuño de 2017. As parcelas resultantes contan coas seguintes superficies netas: parcela A de 783,01 m²., na que existe unha vivenda; parcela B de 947,03 m². As superficies de cesión resultan da escritura de data 22.07.2010, nº 817 de protocolo da notaría de Cangas, Ana Teresa Canosa Pérez, ao abeiro da licenza nº 22.331 de 2010".

Expediente 6545/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6545/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "POUSO DA SERRA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA", con enderezo a efectos de notificacións en San Lourenzo-A Laxe, nº 4-O Hío, para realizar un cerramento e un pozo nunha parcela sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente, vistos os informes favorables da Consellería de Medio Ambiente (IET) de data 17.04.2017, informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza de data 15.09.2017 (registro de entrada no concello o 27.09.2017 nº 11.543) e o informe de Augas de Galicia de data 21.09.2017 (registro de entrada no concello o 11.10.2017). O presuposto de execución das obras ascende a dezaseis mil corenta e nove euros (16.049,00 €).

Expediente 6527/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6527/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "CAL BARRAL SL", con enderezo a efectos de notificacións en rúa David Cal, nº 3-Vilariño-O Hío, para cambio de tella (reparar e conservar cuberta) de edificación sita no referido lugar, de



conformidade coa documentación incorporada ao expediente, vista a autorización da Deputación de Pontevedra de data 10.08.2017 para as obras solicitadas e o escrito de renuncia ao incremento do valor expropiatorio que supoñen estas obras de data 13.10.2017. O presuposto de execución das obras ascende a dezaseis mil oitocentos euros (16.800,00 €).

Expediente 4185/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4185/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. P., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Elvira Martínez, nº 3-Darbo, para reparacións exteriores en vivenda existente sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a nove mil setecentos vinte e nove euros con dezaseis céntimos (9.729,16 €).

Expediente 2688/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2.688/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. L. V. L., para cerramento lateral de 46,55 ml., e unha pérgola de 19,40 m2., no lugar de Camiño de Pimpín-Pinténs-O Hío, de conformidade coa documentación presentada e coas condicións impostas polo Pol

de data 25 de setembro de 2017 e Consellería de Medio Ambiente de data 29 de setembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil setenta e catro euros con vinte e sete céntimos (3.074,27 €).

Expediente 5444/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5444/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. P. F. C., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Concepción Arenal, nº 21-Coiro, para reparación de fachadas principais da edificación sita en rúa Alvaro Guitián/esquina rúa Sínfulis, nº 10, de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto Javier Rial Lemos, de data 9 de outubro de 2017. O presuposto de execución material ascende a oitocentos vinte e seis euros con dez céntimos (826,10 €).

Expediente 5829/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 5829/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por T. G. M., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Aragón, nº 2-4ºG, para actividade de lavandería de autoservizo sita en rúa Baiona, nº 22-baixo, vista a acta de inspección favorable asinada polo arquitecto municipal de data 20 de outubro de 2017.

Expediente 988/2017. Infracción urbanística nº 20/2016 (BENIGNO PÉREZ SOAGE)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Expediente nº 988/2017-20/2016

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 21 de setembro do 2017, de B. P. P., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 988/2017-20/2016.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a B. P. P., por ter realizado no lugar de Longán-Coiro, as obras dun cerramento na fronte da parcela en espazo viario sobre terreo cedido, visto o xustificante de pagamento de data 21 de setembro do 2017, de B. P.P., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 988/2017-20/2016.

Expediente 1838/2017. Proposta de inicio de expediente sancionador para reposición da legalidade (JOSEFA REQUEJO LOSADA)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Expediente nº 1838/2017-9/2017

Resultando que no lugar de Punta Couso-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha ampliación en altura dun muro de cerramento frontal de pedra, ata un alto de 2 metros en opaco.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: J. M.E. R. L., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como grave, segundo o sinala o artigo 158.3 da

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6001 e 60.000.-euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a J. M.E. R. L., por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; unha ampliación en altura dun muro de cerramento fontal de pedra, ata un alto de 2 metros en opaco no lugar de Punta Couso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar á interesada o dereito que lle concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución á interesada, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo á interesada de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo á interesada, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo



Concello de Cangas

de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.

Expediente 5889/2017. Modificación do Servizo de Axuda no Fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Consultado o Sistema de Información Galego de Atención a Dependencia (SIGAD), consta resolución de data 10 de outubro de 2017 a nome de C. B. B., con proposta de atención individual para o Servizo de Axuda no Fogar na súa máxima intensidade para o grao III (46-70 horas). Sendo actualmente beneficiaria do servizo a través da quenda de libre concorrencia (40h/mes), desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, a Xunta de Goberno Local acorda a seguinte resolución:

* MODIFICAR a proposta de concesión do SAF a C. B. B., con expediente nº 36008/02/000102 e de acordo cos seguintes detalles:

Quenda: prestación do servizo a través do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Intensidade: ampliar o servizo a 70 horas/mensuais.

Achega económica da persoa usuaria: 0 €/mes.

Expediente 6728/2017. Modificación do Servizo de Axuda no Fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

* *CONCEDERLLE A MODIFICACIÓN do servizo de axuda no fogar municipal, a través da quenda de libre concorrencia que percibe J.O.M., co expediente nº 36008/02/001897, que pasa a percibir o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia con de expediente nº 36008/02/001897-VI0000024196 e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*
- Atencións de carácter psicosocial e educativo.*

Custe do servizo: *douscentos corenta e dous euros con once céntimos (242,11 €).*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Achega económica da persoa usuaria: euros/mes (segundo a capacidade económica remitida pola Xunta): setenta e un euros con vinte e tres céntimos (71,23 €/mes).

Número de horas: 20 horas.

Data prevista de alta no SAF: novembro de 2017".

Expediente 6746/2017. Proposta de baixa no Servizo de Xantar na Casa

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Con relación ao Servizo de Xantar na Casa e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno acorda adoptar a seguinte resolución:

* Baixa no servizo a M.P.P., con expediente nº 36008/01/003071.

Expediente 6647/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da garantía por importe de catro mil trescentos sesenta e cinco euros con corenta e cinco céntimos (4.365,45 €), depositado pola empresa "Construcións, Obras e Viais SA" (COVSA), para a realización das obras "Pavimentación en Pinténs-Menduña-Cangas. Marco".

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 2257/2017. C-17/08.- Acta da mesa de contratación para concesión demanial para uso privativo dos postos vacantes no Mercado de Abastos

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a acta da mesa de contratación seguinte para a concesión demanial para uso privativo dos postos vacantes no Mercado de Abastos Municipal:

"Expediente nº C-17/08__2257/2017

Asunto: acta da mesa de contratación. Apertura sobres A e B

Día e hora da reunión: 25.10.2017 ás 12:00

Na sala de xuntas do Concello de Cangas sendo as 12:20 horas do día sinalado, previa convocatoria reúnen os membros da mesa de contratación que a continuación se indican co

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



obxecto de proceder á apertura e avaliación das ofertas presentadas na indicada licitación.

Asistentes á reunión:

Presidente: Xosé Manuel Pazos Varela-alcalde

Vogais: María Rodríguez Gómez –secretaria Acctal.

Sergio Curra Moreira –interventor municipal

Ánxela Vizoso Marcos –concelleira de desenvolvemento económico e emprego local

Secretaria da mesa: Paula Piñeiro Portela –técnico administración xeral

A secretaria xeral dá lectura á documentación achegada polos licitadores no rexistro de entrada do Concello, que son os seguintes:

1. *Rexistro de entrada nº 2017-E-RC-11715 do día 02.10.2017:*

Ø Licitador: M. R. P. A.

2. *Rexistro de entrada nº 2017-E-RC-11716 do día 02.10.2017:*

Ø Licitador: A. M. B. M. V.

3. *Rexistro de entrada nº 2017-E-RC-11724 do día 02.10.2017:*

Ø Licitador: J. P. G.

4. *Rexistro de entrada nº 2017-E-RC-11965 do día 09.10.2017:*

Ø Licitador: A. C. R.

5. *Rexistro de entrada nº 2017-E-RC-12215 do día 17.10.2017:*

Ø Licitador: M. M. G.

6. *Rexistro de entrada nº 2017-E-RC-12443 do día 23.10.2017:*

Ø Licitador: Á.G.M.

7. *Rexistro de entrada nº 2017-E-RC-12475 do día 23.10.2017:*

Ø Licitador: S. J. C.

8. *Rexistro de entrada nº 2017-E-RC-12476 do día 23.10.2017:*

Ø Licitador: J. P. B. S.

Examinada a documentación administrativa achegada no SOBRE A e comprobado que é correcta, os membros da mesa de contratación acordan admitir á licitación aos 8 licitadores presentados, procedendo á apertura en acto público, do SOBRE B “Oferta económica” ao que asiste S. J. C..



Concello de Cangas

As ofertas presentadas por cada licitador son as seguintes:

M.R.P. A.

1. *Posto nº 33.....10.050 €*

A. M.B. M.V.

1. *Posto nº 36.....9.150 €*
2. *Posto nº 58.....6.500 €*
3. *Posto nº 17.....7.200 €*

J.P. G.

1. *Posto nº 6.... 7.500 €*

A. C. R.

1. *Posto nº 44.....7.002 €*
2. *Posto nº 45.....7.002 €*
3. *Posto nº 55.....7.002 €*
4. *Posto nº 58.....7.002 €*

M. M. G.

1. *Posto nº 17.....8.150 €*
2. *Posto nº 19.....8.100 €*
3. *Posto nº 58.....7.500 €*
4. *Posto nº 44.....6.800 €*

Á.G. M.

1. *Posto nº 24.....7.500 €*

S. J. C.

1. *Posto nº 24.....15.552 €*

J. P. B. S.

1. *Posto nº 24.....7.900 €*
2. *Posto nº 33.....7.950 €*
3. *Posto nº 6.....8.000 €*

De acordo con estes importes e a orde de preferencia sinalada por cada licitador, a mesa de contratación propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adjudicar os postos do mercado de abastos que a continuación se indican, aos licitadores que ofertaron o canon máis alto para cada un deles:

Posto nº 6: J.P. B. S.Canon: 8.000 €

Posto nº 17: M.M. G.....Canon: 8.150 €

Posto nº 24: S. J. C.....Canon: 15.552 €

Posto nº 33: M. R. P. A.....Canon: 10.050 €

Posto nº 36: A. M. B. M. V.....Canon: 9.150 €

Posto nº 44: A. C. R.....Canon: 7.002 €

Segundo.- Declarar deserta a licitación dos postos de peixaría nº 7, 19, 45, 55 e 58, así como os de carnicería C-16, C-22 e C-23".



Expediente 6800/2017. Proposta de inicio de expediente de contratación para "Subscripción de diversas pólizas de seguros para o Concello de Cangas"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Expediente nº C-17/26__6800/2017

O Concello de Cangas ten a necesidade de contratar diversas pólizas de seguros para a cobertura dos riscos que poidan afectar a este.

Con este servizo preténdese garantir a responsabilidade civil/patrimonial do Concello, dando cumprimento ao artigo 106 da Constitución que consagra o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas. Por outra banda tamén se garantirá o cumprimento do Real decreto 8/2004, de 29 de outubro, que obriga a todo/toda propietario/propietaria de vehículos a motor a subscribir unha póliza de seguro por cada vehículo do que sexa titular. A prestación tamén incluírá unha póliza que cubra os riscos derivados das embarcacións municipais e un seguro de accidentes, entre outras.

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 109 e a Disposición adicional segunda do TRLCSP, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación para a 'Subscripción de diversas pólizas de seguros para o Concello de Cangas'.

SEGUNDO.- Que polo departamento de Apoio Xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Que por Secretaría e Intervención se emitan os informes preceptivos".

Expediente 6276/2017. Proposta de aprobación de expediente de contratación "Servizo de elaboración da RPT e plan de ordenación de RR.HH."

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta:

"Expediente nº C-17/25__6276/2017

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria realizada o día 09.10.2017 polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato administrativo de servizo e elaboración da relación de postos de traballo (RPT) e un plan de



ordenación dos recursos humanos.

Visto que se incorporaron ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de Secretaría (18.10.2017) e Intervención informe 2017-0145 [referencia SCM-138-17].

Por todo o que antecede, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo e elaboración da RPT e un plan de ordenación dos RRHH, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 920.22799 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Abrir a licitación mediante procedemento negociado sen publicidade, debendo invitar a un mínimo de 3 empresas capacitadas para a execución do contrato e publicar ao mesmo tempo un anuncio de licitación no perfil de contratante.

Cuarto.- Cursar telematicamente as debidas invitacións ás entidades que a continuación se indican, outorgándolles un prazo de 10 días naturais para que presenten as súas ofertas: 'J&L Tudó Consulting SL'; 'Galivalia SL'; 'Xera Consultores' e 'ADECCO'.

Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención".

Expediente 6458/2017. Proposta de instalación en vía pública de atraccións de nadal 2017/2018 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"Proposta de instalación en vía pública de atraccións de nadal 2017/2018

Departamento de Xestión de ingresos tributarios - Informe da inspección

Asunto: ocupación de vía pública con atraccións na esplanada dos Xardíns do Señal

En relación coas solicitudes de instalación de atraccións nos Xardíns do Señal seguintes:

1.- L.S. dos A., co e con enderezo no Lgar. A Relva, nº 40 B (Torneiros) 36410 Porriño, instalación de un carrusel de 25,00 m2., e unha máquina de 6,00 m2.



Concello de Cangas

2.- F.M.R., econ enderezo no Lgar. A Relva, nº 40 G (Torneiros) 36410 Porriño, instalación de unha atracción hinchable de 24,00 m2.

3.- M. M. R., con enderezo no Lgar. A Relva, nº 113 (Torneiros) 36410 Porriño, instalación de unha atracción hinchable de 56,00 m2.

4.- F. S. M, con enderezo no Lgar. A Relva, nº 113 (Torneiros) 36410 Porriño, instalación de unha atracción de autos de choque de 60,00 m2.

5.- M. D.B. C., con enderezo en rúa Manuel Deschamps, nº 11-2ºK (A Coruña) 15011, instalación de unha atracción de scalextric de 50,00 m2.

Despois de comprobar, por parte da concellería de obras e servizos e a concellería de desenvolvemento económico e emprego local, que existe espazo para a dita a ocupación, propónse a ocupación de vía pública coas atraccións indicadas do 16 de decembro ao 7 de xaneiro de 2018".

Expediente 6601/2017. Requirimento aos titulares de venda ambulante (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1. Requirir a todos/todas os/as titulares do Mercado municipal de venda ambulante do Concello de Cangas, que queda prohibido o estacionamento dos vehículos nas inmediacións do mercado.
2. Soamente poderán acceder cos vehículos para o exercicio de carga e descarga dos postos, debendo estacionar estes na esplanada reservada (próxima ao parque infantil e pista deportiva dos Xardíns do Señal), ou en todo caso poderán dispor tamén das prazas habituais de aparcamento da vila.
3. Os/As titulares teñen a obriga de cumprir as instrucións que o conserxe indique para o traslado de postos de venda a outros lugares, ou para un mellor uso do espazo do mercado, cumprindo co interese municipal que se determina nesta proposta.
4. Debido á alteración dos lugares de venda polas causas anteriormente citadas, adóptase este acordo previo e motivado pola Xunta de Goberno local, que será notificado a todos os titulares do Mercado Municipal de Venda Ambulante do Concello de Cangas, así como o recordatorio do establecido no artigo 6 do Regulamento municipal de venda ambulante.

Expediente 4028/2017. Dación de conta da autorización da Deputación Provincial de Pontevedra para reinvestir a baixa xerada no Plan Concellos- 2016-Liña 1 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte comunicación:

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día

Concello de Cangas



Concello de Cangas

20 de outubro de 2017, adoptou entre outros, acordo de autorización ao Concello de Cangas para reinvestir a baixa xerada en diferentes investimentos, incluídos no Plan Concellos 2016, no financiamento da obra “Nova capa de rodadura en vieiros Darbo, Aldán e O Hío”, no importe total de setenta e oito mil trescentos corenta e nove euros con trinta e catro céntimos (78.349,34 €).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850